

**Varia**



# Análise das unidades fraseolóxicas de *Fénix* desde unha perspectiva intercultural entre a China e España<sup>1</sup>

## *Analysis of the Phraseological Units of the Phoenix from an Intercultural Perspective Between China and Spain*

Yu Liang

Universidad de Almería (España)

ORCID: 0000-0003-3046-022X

yl629@inlumine.ual.es

**Resumo:** Numerosos investigadores e investigadoras levaron a cabo estudos fraseolóxicos comparativos entre o chinés e o español, sendo a zoonimia un dos temas máis prominentes no ámbito. Non obstante, os animais mitolóxicos continúan sendo un tema relativamente subexplorado. Co propósito de tratar esta fenda no coñecemento, neste traballo, preséntase a Fénix desde os seus aspectos esenciais, naturais, mitolóxicos e recreativos, co fin de lles brindar relevancia aos referentes que se lles adxudican a través do estudo da linguaxe figurada e, en concreto, da metáfora. As unidades fraseolóxicas que se achegan son parte do campo semántico, cultural e lingüístico cotián da China, xa que ten unha maior importancia como ritual no país asiático. Debe recoñecerse que a interculturalidade é un tema amplo, e mesmo infindo, pero que, desde aspectos puntuais e particulares, permite a unión de varias culturas. É por iso que este traballo convida a quen o ler á interculturalidade.

**Palabras clave:** Fénix, fraseoloxía, metáfora, Teoría da Metáfora Conceptual (TMC), chinés, español.

**Abstract:** Numerous researchers have conducted comparative phraseological studies between Chinese and Spanish, with zoonimia being one of the most prominent themes in this field. However, mythological animals remain a relatively underexplored topic. With the purpose of addressing this gap in knowledge, this paper presents the phoenix from its essential, natural, mythological, and recreational aspects, aiming to highlight the references attributed to it through the study of figurative language, particularly metaphor. The phraseological units presented are part of China's everyday semantic, cultural, and linguistic domain, as it holds greater ritualistic

---

<sup>1</sup> Data de recepción: 25.05.2023. Data de aceptación: 12.03.2024

Tradución feita por Cristin Myka Ramírez de la Cruz.

*significance in the Asian country. It must be acknowledged that interculturality is a broad, even infinite, topic, but from specific and particular aspects, it allows for the integration of various cultures. Therefore, this paper invites the reader to embrace interculturality.*

**Keywords:** *phoenix, phraseology, metaphor, Cognitive Theory of Metaphor (CTM), Chinese, Spanish*

## 1. Introducción

Nos últimos dez anos, experimentouse un auxe de estudos contrastivos sobre a fraseoloxía e a paremioloxía entre o español e o chinés. A este respecto, destacan as análises realizadas por Yongsheng Jia<sup>2</sup>, Fan Wu<sup>3</sup>, Chunyi Lei<sup>4</sup>, Jian Qin<sup>5</sup>, Jian Zou<sup>6</sup>, Xiaoxiao Lyu<sup>7</sup> e por Liqun Wang<sup>8</sup>. Algúns destes investigadores toman diferentes animais como obxecto de estudo e desde un enfoque empírico para desenvolveren unha teoría. Tal é o caso de Wu (2014), quen examinou exhaustivamente as unidades fraseolóxicas (UF en diante) mais a simboloxía de nove animais (can, galo, lobo, cabalo, boi, rata, corvo, ovella e porco) na China e en España e explicou a equivalencia e tradición dos conceptos en cada cultura e lingua. Por outro lado, Lei elaborou o *Diccionario fraseológico español: zoomorfismos*<sup>9</sup> (2017), no cal se incluíron UF de case 200 animais compartidos polas culturas chinesa e española.

Porén, o estudo dos animais mitolóxicos segue a ser escaso en comparación co dos reais. Desde unha perspectiva cultural, o investigador Liang (2023) fixo un estudo das UF sobre o *loong* (o dragón chinés, *loong* en diante) e o dragón occidental a partir do cal afirma que se trata de dous animais totalmente diferentes e que non se debería traducir *loong* por ‘dragón’; posúen connotacións opostas nas dúas culturas, feito tamén reflectido claramente nas UF. Por outro lado, cómpre sinalar que, na cultura chinesa, *loong* e *feng* (en diante, Fénix) son dous animais análogos e dous culturemas de suma relevancia. Paralelamente, na sociedade occidental, o dragón e a Fénix tamén son dous animais mitolóxicos coñecidos que merecen grande atención. Pero alén da análise do *loong*, aínda non hai investigacións abundas acerca das UF da Fénix chinesa. Xa que logo, para encher tal baleiro, decídese indagar aquí respecto da cuestión.

<sup>2</sup> Yongsheng Jia defendeu a súa tese doutoral *Lenguaje y cultura en China: lenguaje y cultura en España* na Universidad de Granada en 2012.

<sup>3</sup> Fang Wu defendeu a súa tese doutoral *La fraseología en chino y en español: caracterización y clasificación de las unidades fraseológicas y simbología de los zóonimos un estudio contrastivo* no ano 2014 na Universidad Autónoma de Madrid. Posteriormente, publicou varios libros ao respecto e foi citada por case todo o novo persoal investigador.

<sup>4</sup> Actualmente, Chunyi Lei é profesora da Universidad de Granada e, durante os últimos anos, escribiu numerosos libros, dicionarios e artigos fraseolóxicos nos últimos anos, ademais da súa tese doutoral, que aínda non se publicou.

<sup>5</sup> Jian Qin defendeu a súa tese doutoral sobre paremioloxía no ano 2020 na Universitat d’Alacant.

<sup>6</sup> Jian Zou defendeu a súa tese doutoral sobre paremioloxía no ano 2021 na Universidad de Almería.

<sup>7</sup> Xiaoxiao Lyu defendeu a súa tese doutoral *Las paremias de la alimentación y la gastronomía en español: léxico metafórico* e publicou o libro relacionado nos últimos dous anos. Cabería sinalar que o que a autora estuda realmente nela son as unidades fraseolóxicas, malia que o título se refira ás paremias.

<sup>8</sup> Liqun Wang defendeu a súa tese *La fraseodidáctica del español como lengua extranjera a sinohablantes: estudio del manual Español moderno y propuesta de un glosario didáctico de locuciones* no ano 2023 na Universidade de Santiago de Compostela.

<sup>9</sup> Este dicionario forma parte da súa tese doutoral, defendida no mesmo ano.

## 2. Teoría da linguaxe metafórica e as súas relacións coas UF

O tema da interculturalidade provén, en principio, da cultura e do idioma e, en consecuencia, das características que estes dous factores presenten. Segundo Pamies (2007, 2002), existe unha estreita relación entre a lingua e a cultura e por iso dedicouse a expor algúns dos trazos da fraseoloxía e da linguaxe metafórica ou figurada. En canto á teoría que sustenta a linguaxe metafórica, débese reparar, sen dúbida, na Teoría da Linguaxe Figurada Convencional de Dobrovolski e Piirainen (1998), así como na Teoría da Metáfora Conceptual (TMC) que iniciaron Lakoff e Johnson (1980). Outro dos traballos realizados é o de Dobrovolski e Piirainen (2005), especialmente a súa distinción entre metáfora e símbolo.

En principio, Dobrovolski e Piirainen defenden que os símbolos culturais seguen activos semanticamente, xa que a súa interpretación e a de metáfora baséanse no valor autónomo dos símbolos. A raíz disto, Pamies engade un exemplo que esclarece a afirmación dos autores mencionados:

Las expresiones que contienen pan (esp. más bueno que el pan; ganarse el pan; quitarle el pan de la boca a alguien) tienen un significado global en gran parte predecible a partir del valor simbólico del referente PAN en nuestra cultura y que no es exclusivo del significado global de tal o tal frasema, sino que tiene una cierta estabilidad de una metáfora a otra y es susceptible de generar otras nuevas (Pamies 2007: 1).

O primeiro trazo da metáfora é saber como se van interpretar os signos, os símbolos e a linguaxe. Pamies (2007) retoma a Dobrovolski e Piirainen, destacando a relación entre simboloxía cultural e produtividade fraseolóxica e identificando cinco macro-dominios fonte de metáforas culturais: interacción social, cultura material, dependencia textual, ficción e símbolos culturais. Segundo el, «la fraseología está compuesta sobre todo por metáforas, ya que sus formas pluriverbales representan en bloque un concepto a partir de otro» (Pamies 2002: 11). A linguaxe presenta, a través da súa esencia, unha infinidade de conceptos e de palabras que remiten a ideas que unha cultura intenta mostrar. Con todo, é necesario realizar unha codificación e decodificación cando as persoas interlocutoras se encontren no mesmo plano cultural, se non, produciríase un choque comunicativo debido á diferenza nas formas comunicativas e culturais.

No estudo teórico da metáfora, cumpriría investigar sobre a semántica estrutural, pois o tipo de metáforas que aparecen en moitas UF constitúen *metáforas mortas*, lexicalizadas polo uso reiterado (Le Guern 1973). No entanto, este concepto é rexeitado pola semántica cognitiva de Lakoff (1987), quen considera que existe un mecanismo de proxección que sempre está activo e que intervéñen na comprensión, independentemente de que se fale de *metáforas prefixadas* ou *novas*. Neste senso, Pamies (2002: 1) afirma que se deba considerar unha *competencia metafórica*, a cal actuaría na decodificación de ambas as categorías, pois o que para o individuo emisor é *prefixado*, podería ser *novo* para o receptor.

A metáfora é un dos procedementos de creación léxica máis usados na fraseoloxía en case todos os idiomas para formar UF (García-Page 2008). Para Dobrovolski (1995), a maioría das UF encóntranse motivadas por diferentes estruturas de coñecemento e, máis en concreto, na Teoría da Linguaxe Figurada Convencional de Dobrovolski e Piirainen, hai unha estrutura conceptual clara que propón a expresión figurada: o compoñente de imaxe, o cal se basea en imaxes mentais que forman parte integrante do contido dunha determinada expresión figurada. Lei (2019: 3) escribe, como complemento á afirmación anterior, que «muchos fraseologismos y expresiones figuradas solo adquieren su sentido relacionándose con un saber extralingüístico cultural propio de cada nación».

Os enfoques baseados na Teoría da Metáfora Conceptual axudan a detectar algúns dos trazos que hai nos procesos metafóricos; así, o estudo do compoñente cultural permite resaltar e comprender aqueles específicos de cada proceso de construción de metáfora (Pamies, 2007). Conforme a Luque Durán (2007), os modelos icónicos de base cognitiva deben completarse coa linguaxe figurada que repousa nos coñecementos socialmente construídos e culturalmente herdados.

Pamies (2007) recrea unha listaxe de aspectos observados no universo metafórico tras a Teoría da Metáfora Conceptual e tras os apuntamentos de Luque Durán, por mencionar algúns: as *palabras-clave* (Tablero 2007, Ozturk Kasar 2007 e Al Xallad, 2007), o corpo humano (Mellado, 2008), o mundo animal (Di Bernardina, 1991) etc.. Parafraseando a Pamies (2007), partindo da Teoría da Linguaxe Figurada Convencional de Dobrovolski e de Piirainen, existen proxeccións interconceptuais, tal como o describe a Teoría da Metáfora Conceptual. Ademais, o autor suxire non enfocarse na estrutura lexical, senón nas metáforas conceptuais e nos símbolos culturais relevantes, e investigar as propiedades combinatorias dos idiomas.

O anterior dá paso a un dos conceptos fundamentais que forman parte deste estudo arredor da linguaxe metafórica nas UF, a saber, os culturemas.<sup>10</sup> Se se viu que a metáfora se insire na linguaxe das UF, que teñen uso nunha cultura, entón, débese recoñecer, polo menos en principio, que un culturema pode ser compartido, total ou parcialmente, entre varios idiomas. A presente investigación intenta retomar o culturema de *Fénix* co obxectivo de recoñecer un proceso intercultural.

Desde un punto de vista lingüístico, a comparación de culturemas pode facilitar a comprensión e a memorización de UF. Menciona Pamies (2007: 101) que «los culturemas son una herramienta eficaz que ayuda en la representación de las expansiones radiales de la polisemia que se conectan entre ellos y aumenta la asociación de su red».

---

<sup>10</sup> Os culturemas son símbolos extralingüísticos culturalmente motivados que serven de modelo para que as linguas xeren expresións figuradas, nun inicio, como meras alusións ao dito símbolo. Cando entraron na lingua como compoñente fraseolóxico, as formas fíxanse, pero o culturema conserva a súa autonomía inicial. Noutras palabras, é o seu valor simbólico o que cohesiona conxuntos de metáforas e o que permite seguir creando outras novas a partir do mesmo valor (Lei 2029, Pamies 2007).

Lei (2019: 3) escribe que «todas las culturas tienen símbolos y elementos peculiares, pero no todos los símbolos son culturemas». Ademais, na proposta do mesmo Pamies (2007: 3), afirmase:

Los culturemas también pueden ser entidades totalmente imaginarias. Por eso algo tan real y tangible como una flor puede llevar el nombre de personajes inexistentes como Narciso o Don Juan, otro ejemplo más que incumple la supuesta mono-direccionalidad [concreto>abstracto] invocada en la Teoría Cognitiva de la Metáfora.

A linguaxe metafórica ten unha infinidade de vertentes localizadas, principalmente, na semántica, onde se efectúan a primeira aproximación dunha idea mais a súa polisemia. Non obstante, tamén se debe revisar e examinar a metáfora desde o lexicón mental, tendo en conta que esta non sempre se representa na palabra, senón que alcanza as imaxes, a experiencia e a cultura. Quizais destaque, entre os estudos consecuentes, a tese doutoral de Lei (2017) sobre os culturemas de animais, na que investiga as metáforas zoonímicas en UF.

Esta parte teórica sobre o estudo da metáfora, da linguaxe figurada e do culturema é a base para desagregar e para analizar as UF de *Fénix*, posto que cómpre identificar unha equivalencia a partir do significado que se lle outorga. Así mesmo, resulta importante identificar a función das UF no contexto intercultural.

### 3. Historia da ave Fénix chinesa e da occidental

En primeiro lugar, é interesante coñecer a orixe, as lendas e a historia das Fénix chinesa e occidental.<sup>11</sup> Segundo a investigadora Wu (2014: 255), a primeira presenta moitos valores simbólicos: «en la cultura china, el fénix es el soberano de todas las aves y representa a la emperatriz y también el buen augurio». Pola súa parte, Francisca González (1994) menciona que a Fénix, na China Antiga, aparecía só cando a paz e a orde reinaban no imperio. Dentro da esfera mitolóxica, dise que a ave Fénix apareceu canda o reinado de Huang Di, o lendario Emperador Amarelo, contra o ano 2600 a.C.. Ao parecer, este período caracterizouse por ser, en efecto, de gran tranquilidade e que por iso a ave regresou e aniñou no palacio do emperador Xao no ano 2350. Por último, Jia (2016) afirma que a Fénix chinesa é un animal moi diferente á doutras culturas do mundo.

Canto á Fénix occidental, trátase dunha ave mitolóxica (Argente del Castillo 2014) cuxa vida é longuísima, de entre trescentos e sete mil anos, segundo distintas fontes, caracterizada como un animal orixinario de Exipto e mesmo relacionada coa resurrección de Cristo.

---

<sup>11</sup> Na presente investigación, falamos da figura mitolóxica grecolatina da Fénix, posto que non se refire ao Occidente en xeral; non se refire á cultura eslava nin á escandinava, por exemplo.

A ave Fénix chinesa e a occidental posúen orixes diferentes porque pertencen a dúas culturas que se desenvolveron en continentes distintos e tiveron pouca relación entre si durante moitos séculos. Este feito coincide co de que, segundo afirma Liang (2023), o *loong*, o dragón chinés, e o dragón occidental sexan dous animais diferentes con cadansúas orixes, historias e lendas.

Secasí, a pesar de se tratar de dous animais mitolóxicos diferentes en ambas as culturas, a Fénix, nun sentido global figurado, é unha ave lendaria que se pode asociar cunha persoa talentosa, de gran potencial, ou con algo único e valioso. Así é que o *DRAE* define *Fénix* como «persona o cosa exquisita o única en su especie» (Real Academia Española, s.f., definición 2). O exemplo por antonomasia deste uso metafórico de Fénix en España é o do escritor Lope de Vega, alcumado “Fénix dos enxeños”. Na China, atópase a mesma metáfora de Fénix que se vai presentar na análise das UF.

#### 4. Investigación das UF de *Fénix*

Existen moitas UF de *loong* e Fénix que están en uso e outras que, se ben non o están, deixaron de ter relevancia na comunicación. Na mitoloxía chinesa, a Fénix e o *loong* son a miúdo retratados como parella que simboliza o matrimonio imperial. O *loong* refírese ao emperador, representa a forza, o poder etc., mentres que a Fénix simboliza a emperatriz, representa a graza, a beleza etc. Ademais, non só se dá esta simboloxía imperial, senón que o sentido figurado destes dous animais é moi extenso nas UF chinesas.

En contraste, as UF que se observan en español son escasas e para a súa recompilación consultáronse os seguintes dicionarios: *Diccionario de la lengua española*, 23ª ed.; *Diccionario fraseológico español: zoomorfismos, diccionario fraseológico documentado del español actual, locuciones y modismos españoles* e *Refranero multilingüe*. Tamén se consultou a tese doutoral de Wu (2014). Estas fontes pódense considerar fundamentais para este tipo de traballos, xa que adoitan recoller abundantes UF de animais; porén, no caso de Fénix, só se acha unha, no dicionario de Lei<sup>12</sup> (2017).

Para confeccionar o corpus chinés, recórrese, igualmente, a diversos dicionarios: *Diccionario de guanyongyu chinés* (2009), *Diccionario de modismos e frases español-chinés e chinés-español* (2016), *Diccionario do chinés moderno* (2016) e *Diccionario fraseológico chino: zoomorfismos e botanismos* (2017). Após unha busca exhaustiva, acháronse 125 UF relacionadas co carácter chinés 凤 (*feng*, ‘Fénix’). Fronte a este corpus, decidiuse seguir a metodoloxía dos investigadores Qin<sup>13</sup> (2020) e Zou<sup>14</sup> (2021),

<sup>12</sup> Aínda que Lei recompilou UF duns 200 animais, no seu dicionario só se encontra un único animal mitolóxico: a ave Fénix. A partir de aquí, destábase un tema asaz interesante para futuras investigacións.

<sup>13</sup> Na súa tese doutoral, Qin (2020) encontrou 5237 paremias españolas relacionadas coa muller, co tempo e coa superación, e, finalmente, decidiu estudar as 1199 máis frecuentes, o equivalente ao 22,8 % do corpus orixinal.

<sup>14</sup> Na súa tese doutoral, Zou (2021) seleccionou as 424 paremias españolas máis comúns das 1627 paremias recompiladas por refraneiros multilingües, o que equivale ao 26 % do conxunto delas.



ou sexa, optar polas UF máis usadas<sup>15</sup> en detrimento das que caeron en desuso. Xa que logo, incluíronse 27 UF de *Fénix* chinesa nesta investigación, o que equivale a un 21.6 % do corpus orixinal. Nesta altura, é mester apuntar que o resultado coincide cos deses dous investigadores.

Tras esa ardua tarefa, dividíronse os resultados finais en varios grupos segundo o sentido figurado, como se poderá comprobar a continuación.

#### 4.1. Talento virtuoso e poder

A ave Fénix, ao igual que o *loong*, na cultura chinesa asóciase a miúdo coa idea do talento sobresaínte e a habilidade intelixente, e considérase un símbolo importante destes atributos na sociedade. Así o amosan as seguintes UF:

- (a) 凤毛麟角 *fèng máo lín jiǎo*  
Tradución literal: pluma de Fénix e corno de unicornio.  
Significado: refírese a un obxecto precioso ou a unha persoa talentosa.
- (b) 凤鸣朝阳 *fèng míng cháng yáng*  
Tradución literal: a ave Fénix canta ao amencer.  
Significado: refírese a un talento que encontra a oportunidade adecuada para se mostrar.
- (c) 人中龙凤 *rén zhōng lóng fèng*  
Tradución literal: ser o dragón ou a Fénix na multitude.  
Significado: describe unha persoa extremadamente fermosa e elegante, con trazos faciais distintivos e atractivos, ou ben unha persoa con múltiples habilidades.
- (d) 龙生龙, 凤生凤, 老鼠的儿子会打洞 *lóng shēng lóng, fèng shēng fèng, lǎo shǔ de ér zǐ huì dǎ dòng*  
Tradución literal: os *loong* dan a luz a *loong*, as aves Fénix dan a luz a aves Fénix e as crías dos ratos saben cavar buracos.  
Significado: refírese a que as habilidades e características dunha persoa adoitan herdarse dos seus proxenitores e devanceiros. Así, as crías dos *loong* e das aves Fénix herdan as excelentes habilidades e características dos seus pais e nais, mentres que as crías dos ratos herdan a habilidade de cavaren buracos. En resumo, cada ser vivo posúe unhas determinadas habilidades ou características innatas que se foron transmitindo de xeración en xeración, o cal pode influír no seu destino e no seu futuro. Como equivalencia en español, poderíase considerar a UF ‘de tal palo, tal astilla’.

<sup>15</sup> Considérase que as UF que aparecen polo menos en dous dicionarios son as máis usadas. Así mesmo, aplícase un filtro recorrendo á opinión da poboación nativa.

- (e) 飞上枝头做凤凰 *fēi shàng zhī tóu zuò fèng huáng*  
Tradución literal: voar para unha póla e converterse en Fénix.  
Significado: refírese a que unha Fénix é talentosa e adorada por todos; en xeral a UF significa triunfar despois de ter pasado por momentos difíciles.
- (f) 鸡窝里飞出金凤凰 *jī wō lǐ fēi chū jīn fèng huáng*  
Tradución literal: unha ave Fénix dourada voa desde o niño dunha galiña.  
Significado: describe alguén que logrou algo sorprendente e inesperado, especialmente se esa persoa provén dun contorno humilde ou se considera que é improbable que consiga algo na súa vida.
- (g) 宁为鸡头, 不为凤尾 *níng wéi jī tóu, bù wéi fèng wěi*  
Tradución literal: preferir ser a cabeza dun polo ao rabo dunha ave Fénix.  
Significado: refírese ao feito de que é mellor ser unha ou un líder modesto ca unha ou un seguidor cun papel máis prestixioso.
- (h) 攀龙附凤 *pān lóng fù fèng*  
Tradución literal: gabear ao dragón e pegarse á Fénix.  
Significado: describe unha persoa que se relaciona con aquelas poderosas e afortunadas co obxectivo de aumentar a súa propia posición e status. Similar ao *trepa* do español.
- (i) 望子成龙 望女成凤 *wàng zǐ chéng lóng, wàng nǚ chéng fèng*  
Tradución literal: esperar que o fillo se converta nun *loong*, esperar que a filla se converta nunha ave Fénix.  
Significado: describe a expectativa e a esperanza dos proxenitores por que a súa descendencia teña éxito e chegue a alcanzar unha posición social destacada no futuro.
- (k) 龙跃凤鸣 *lóng yuè fèng míng*  
Tradución literal: o *loong* salta e a Fénix canta.  
Significado: remite aos talentos de alguén.
- (l) 龙蟠凤逸 *lóng pán fèng yì*  
Tradución literal: o *loong* está enroscado e a Fénix, descansando.  
Significado: refírese a unha persoa talentosa e sobresaínte, pero que non pode ser apreciada polas demais.
- (m) 百鸟朝凤 *bǎi niǎo cháo fèng*  
Tradución literal: centos de paxaros diríxense cara á Fénix.  
Significado: describe unha escena onde hai moitas persoas excepcionais concentradas nun mesmo lugar para lles mostraren o seu respecto a un talento.

## 4.2. Boa sorte

Na linguaxe, e especialmente entre as que unha sociedade utiliza de maneira habitual, nunca faltan as UF que se refiren á boa sorte ou ao augurio da felicidade. Así o demostran as que a continuación se proporcionan, cun uso cotián e variado en contextos:

- (a) 龙凤呈祥 *lóng fèng chéng xiáng*  
Tradución literal: o dragón e a ave Fénix dan boa sorte.  
Significado: describe un acontecemento feliz, como unha voda ou un nacemento.
- (b) 凤凰来仪 *fèng huáng lái yí*  
Tradución literal: pousase a ave Fénix.  
Significado: refírese a un presaxio de felicidade ou a un bo augurio.

## 4.3. Imperio chinés

A ave Fénix, dentro do ámbito do poder e do goberno, posúe moitas connotacións positivas (e, no seu defecto, neutras) orixinadas na época imperial, debido aos mitos e ás lendas acerca do que o poder lles podía facer ás persoas que cometesen unha falta de respecto contra o Imperio. A seguir, fornécense algúns exemplos:

- (a) 龙楼凤阁 *lóng lóu fèng gé*  
Tradución literal: pavillón do dragón e torre da Fénix.  
Significado: refírese ao palacio imperial. Tamén describe un lugar magnífico e luxoso.
- (b) 凤冠 *fèng guān*  
Tradución literal: chapeu de Fénix.  
Significado: refírese aos chapeus especiais que vestían as concubinas dos antigos emperadores.
- (c) 凤簪 *fèng zān*  
Tradución literal: pinza de Fénix.  
Significado: refírese a un tipo de adorno para o cabelo feminino utilizado na cultura chinesa. Consiste nunha pinza adornada con elementos que simbolizan a ave Fénix, como plumas ou figuras desta criatura mitolóxica. Na dita cultura, considérase que a ave Fénix simboliza a emperatriz, polo que o uso dun adorno tal denota elegancia e poder.

## 4.4. Beleza

Na mitoloxía, a ave Fénix foi un símbolo auspicio que representa a realeza e a beleza, aplicouse en obxectos decorativos, así coma nos costumes tradicionais. É unha figura e criatura fermosa que segue dando esplendor á cultura chinesa.

(a) 龙眉凤目 *lóng méi fèng mù*

Tradución literal: cellas de dragón, ollos de Fénix.

Significado: describe unha persoa con trazos faciais fermosos e distintivos.

(b) 丹凤眼 *dān fèng yǎn*

Tradución literal: ollo vermello de Fénix.

Significado: refírese a un tipo de ollo brillante que constitúe un trazo físico moi valorado na cultura chinesa, pois considerase que lle outorga á persoa que os posúe unha beleza e un encanto únicos.

(c) 龙飞凤舞 *lóng fēi fèng wǔ*

Tradución literal: o dragón voa e a ave Fénix danza.

Significado: orixinalmente, referíase a unha montaña sinuosa e maxestosa. Na actualidade, tamén se refire a unha caligrafía firme, «flexible» e estirada.

#### 4.5. Botanismos e gastronomía

Igual que sucede con *loong*, emprégase a figura da ave Fénix para denominar unha serie de plantas, de xeito que se lles outorga características de frescura e de beleza. Isto, á súa vez, leva a que xurdan outras UF construídas a partir da figura dese animal referidas á gastronomía, un eido ben vinculado ao da botánica. Mediante os exemplos seguintes, seleccionados en función da cotiandade de uso, preténdese ilustrar o fenómeno exposto:

(a) 凤梨 *fèng lí*

Tradución literal: pera de Fénix.

Significado: refírese ao ananás.

(b) 凤尾竹 *fèng wěi zhú*

Tradución literal: bambú de rabo de Fénix.

Significado: refírese a unha variedade de bambú que presenta follas longas e estreitas semellantes ao rabo dunha Fénix.

(c) 凤仙花 *fèng xiān huā*

Tradución literal: flor de Fénix divina.

Significado: refírese a unha planta con flores grandes e vistosas que lembran ás plumas da Fénix.

(d) 凤尾鱼 *fèng wěi yú*

Tradución literal: peixe con rabo de Fénix.

Significado: refírese a unha especie de peixe que se encontra nos ríos e lagos da China e que se caracteriza polo seu rabo en forma de abano.

(e) 凤爪 *fèng zhuǎ*

Tradución literal: patas de Fénix.

Significado: refírese a un prato chinés que consiste en patas de polo cocidas ao vapor e preparadas cunha salsa de especias. As “patas de Fénix” son propias da gastronomía cantonesa e serven como aperitivo ou para se incluíren nun *dim sum*.

#### 4.6. Sexo

En canto ao sexo, na cultura chinesa, a Fénix represéntase como unha ave feminina e, posiblemente, de aí se deriva a seguinte UF:

颠鸾倒凤 *diān luán dǎo fèng*

Tradución literal: arremétense a Fénix e o *luan* (outro animal mitolóxico chinés).

Significado: refírese ás relacións sexuais.

#### 4.7. Resurrección e renovación

Tal e como se apuntou anteriormente, as UF que se observan en español son escasas e, de feito, só se recolle unha no dicionario de Lei (2017):

##### Ser a ave Fénix

Tradución literal: 成为凤凰 *chéng wéi fèng huáng*

Significado: refírese a unha persoa que pasou por situacións difíciles, que sufriu perdas ou que experimentou unha transformación profunda, pero que conseguiu rexurdir e renacer, fortalecéndose no proceso. Esta UF utilízase como metáfora para describir alguén que superou grandes desafíos e que deu cunha nova oportunidade para medrar e prosperar na vida.

Na cultura occidental, a ave Fénix é un símbolo mitolóxico que representa a resurrección e a renovación. Segundo a lenda, a Fénix é unha ave que vive durante séculos e que, no final da súa vida, se consome en chamas para logo renacer das súas propias cinzas. Este renacemento simboliza a idea dun novo comezo despois da destrución, a superación das dificultades e a capacidade de rexenerarse. Cabe aclarar que a dita metáfora tamén está amplamente difundida na China e existen as seguintes UF ao respecto:

(a) 浴火凤凰 *yù huǒ fèng huáng*

Tradución literal: ave Fénix que se baña no lume.

Significado: describe unha persoa que pasou por momentos difíciles, adversidades, sufrimentos, pero que os logrou superar e renacer das cinzas, rexurdindo con máis forza e vitalidade.

(b) 凤凰涅槃 *fèng huáng niè pán*

Tradución literal: Fénix no nirvana.

Significado: refírese á ave Fénix que renace das súas propias cinzas e que acha a iluminación mais a paz no nirvana. Simboliza o renacemento espiritual, a transcendencia das limitacións e o alcance dun estado superior de sabedoría e de paz interior.

#### 4.8. Ponderación das UF

Logo do exame, da comparación e da análise do uso da figura da Fénix na fraseoloxía chinesa e na española, faise preciso chamar a atención sobre certos puntos relacionados co plano cultural. Ademais, considérase necesario realizar unha breve recensión estatística sobre as diferentes simboloxías das UF.

Neste traballo, reuníronse doce UF chinesas con referencias e connotacións ligadas ao talento ou ao poder; así pois, trátase do 44,44% do total das UF analizadas. Aínda que non se achan UF análogas nas fontes españolas, xa foi apuntada no apartado tres a existencia da súa connotación respecto ao talento en español.

Á parte de ao talento ou ao poder, en ambos os idiomas encóntranse UF relacionadas coa resurrección e coa renovación. Considérase que, no mundo occidental, a través das mitoloxías grega, romana e exipcia, se adoptou a figura da Fénix como un animal fabuloso que representa e simboliza eses conceptos; con todo, non parece posuír a connotación primordial que posúe na cultura chinesa.

Por outra parte, resulta interesante comentar que, dentro do estudo realizado, preséntanse dez chinesas que conteñen tanto a palabra *loong* como a de *feng*. En termos estatísticos descritivos, estas equivalen ao 37% dos usos de Fénix indagados, o cal demostra que o *loong* e a Fénix son dous animais paralelos que gozan dunha importancia similar dentro da cultura chinesa.

A nivel lingüístico, a idea máis relevante para destacar é que a ave Fénix se considera un animal ligado á feminidade na cultura chinesa, razón pola que se asocia coa beleza e coa emperatriz. Por outro lado, na investigación de Liang (2023), áchanse UF de *loong* relacionadas con ferramentas e afirmase que se trata dun animal bastante “masculino” nesa sociedade asiática. Grazas a esta información, pódense entender mellor os dous sentidos que se lles outorgan aos conceptos en cuestión.

Tanto o *loong* como a Fénix chinesa conforman uns referentes culturais moi destacados, penetran en todas as facetas da vida do pobo chinés e por iso, como foi formulado previamente, se bota man deles tamén nos mundos botánico e gastronómico.

Co fin de comprender realmente a significancia da Fénix chinesa, é indispensable indagar máis na linguaxe metafórica e figurada, xa que falamos dun animal que asume unha

infinidade de interpretacións. Cómpre resaltar a relación lingüística e cultural da Fénix en todo o país chinés, pois o seu referente nas UF prodúcese desde tempos antigos; na China, a Fénix é un símbolo cultural asaz recoñecido e asociado aos rituais, dadas as diferentes connotacións que a sociedade lle foi conferindo.

## 5. Conclusións

A Teoría da Metáfora Conceptual permite comprender o funcionamento lingüístico e interpretativo das UF. No caso concreto das de Fénix, a súa identificación intercultural baséase nos referentes cognitivos e culturais outorgados polas sociedades chinesa e española. A través da análise realizada por Pamies, por Dobrovolski e por Piirainen, este traballo consegue unificar unha secuencia reflexiva que explora a orixe do concepto da ave Fénix desde o enfoque das UF, ofrecendo unha visión máis ampla dos aspectos cognitivos e mais do uso da metáfora e da linguaxe figurada. Para as persoas expertas no ámbito da cognición, a capacidade de recrear información verbo dun aspecto lingüístico en particular, como o de *Fénix*, e de levalo ao proceso de decodificación mental representa un avance que apoia a efectividade e funcionalidade da teoría proposta polos aludidos autores.

A Fénix é un animal mitolóxico que posúe diferente orixe na cultura chinesa e na grecolatina; con todo, en ambos os casos, este animal mitolóxico correspóndese cun paxaro e aínda existen moitas outras características comúns, o que convida a que se indague ao respecto con máis minuciosidade. En canto ás connotacións das UF de *Fénix*, cabe sinalar que o concepto se presenta sempre ligado a unhas de carácter positivo ou neutro. Os exemplos expostos no presente traballo, acompañados do significado figurado, así o revelan.

Con respecto á tradución de *loong*, a partir de diversos estudos indagados, propónse que non é aceptable a equivalencia que se realiza co dragón occidental. Pola contra, a tradución de Fénix si é aceptable e recomendada debido a que ambas palabras comparten prototipos similares, connotacións parecidas no seu uso a través da linguaxe e son positivas en ambas culturas. Resulta apropiado sinalar aquí que, nalgúns casos, basta con engadir o adxectivo chinés para diferenciar este culturema doutros, é dicir, utilizar “Fénix chinesa”.

En síntese, a idea xeral do traballo en causa é evidenciar o panorama da ave Fénix dentro de dúas culturas diferentes: a chinesa e a occidental. Nesta liña, considérase que este estudo permite esclarecer os usos atribuíbles ao concepto referente e, a partir diso, crear unha imaxe, unha referencia, intercultural. O presente traballo convértese, daquela, en parte da análise da interculturalidade que se vai estendendo polo mundo e que aspira a colaborar, de maneira máis específica, co fomento e co establecemento de relacións entre a China e España desde unha perspectiva, aquí, netamente lingüística, histórica e cultural.

## 6. Referencias bibliográficas

- Al Jallad, N. (2007). The Concepts of al-jihad, al-hijab, and al-shahid in the Arab-Muslim culture and language: a lexicological and lexicographical study. *Language Design*, 10, 77–86. <http://www.truebanking.com.pk/img/reports/Report-2.pdf>
- Argente del Castillo Ocaña, C. (2014). *Del Fénix y otros prodigios. Mito y desmitificación (El mito del Ave Fénix en Mira de Amescua)*. Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes.
- Ding S. H. (dir.) (2016). *现代汉语词典* [Diccionario do chinés moderno]. The Commercial Press.
- Dobrovolski, D. (1998). On cultural component in the semantic structure of idioms. En Durčo (ed.), *Phraseology and Paremiology* (pp. 55–61). Akademia.
- Dobrovolski, D. e Piirainen, E. (2000). Sobre los símbolos: Aspectos cognitivos y culturales del lenguaje Figurativo. En A. Pamies Bertrán e J. de Dios Luque Durán (eds.), *Trabajos de lexicografía y fraseología contrastivas* (pp. 29–53). Método Ediciones e Granada Lingüística.
- Dobrovolski, D. e Piirainen, E. (2005). *Figurative language: Cross-cultural and cross-linguistic perspectives*. Elsevier.
- García-Page Sánchez, M. (2008). *Introducción a la fraseología española: Estudios de las locuciones*. Anthropos.
- González, F. (1994). El fénix: mito viviente en la cultura china. *Noticias de Taiwán*. Recuperado no 13 de maio de 2023, de <https://noticias.nat.gov.tw/news.php?unit=106,115&post=98949>
- Huang, B. (2009). *汉语惯用语词典* [Diccionario de guanyongyu chinés]. The Commercial Press International.
- Jia, Y. S. (2016). Correspondencias, equivalencias y falsos amigos fraseológicos en español y en chino. *Language Design: Journal of Theoretical and Experimental Linguistics*, 18, 197–214. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5977155>
- Lakoff, G. (1987). *Women, fire, and dangerous things: What categories reveal about the mind*. University of Chicago Press.
- Lakoff, G. e Johnson, M. (1980). *Metaphors we live by*. University of Chicago Press.
- Le Guern, M. (1973). *Sémantique de la métaphore et de la métonymie*. Larousse.
- Lei, C. Y. (2017). *Estudio contrastivo linguo-cultural del lenguaje figurado en español y en chino: Nombres y fraseologismos zoonímicos y fitonímicos*. [Tese doutoral non publicada, Universidad de Granada.]
- Lei, C. Y. (2017). *Diccionario fraseológico chino: Zoomorfismos y botanismos*. [Publicado de forma independente.]
- Lei, C. Y. (2017). *Diccionario fraseológico español: Zoomorfismos*. [Publicado de forma independente.]
- Lei, C. Y. (2019). Metáforas y culturemas en la lengua china. *Tonos digital: Revista de Estudios Filológicos*, 37, 1–16. <https://digitum.um.es/digitum/bitstream/10201/74365/1/2248-6231-1-PB.pdf>
- Li, T. (2016). *精编西汉汉语成语西语词典* [Diccionario de modismos e frases español-chinés e chinés-español]. Beijing Language and Culture University Press.



- Liang, Y. (2023). Análisis de las unidades fraseológicas de loong desde una perspectiva intercultural entre China y España. *SABIR: International Bulletin of Applied Linguistics*, 2, 77–98. <https://doi.org/10.25115/ibal.v3i1.8361>
- Luque Durán, J. de D. (2007). La codificación de la información lingüístico-cultural en los diccionarios interculturales. En J. Luque Durán e A. Pamies Bertrán (Coords.), *Interculturalidad y lenguaje: El significado como corolario cultural* (pp. 329–374). Granada Lingüística.
- Luque Nadal, L. (2012). *Principios de culturología y fraseologías españolas*. Peter Lang.
- Mellado Blanco, C. (Coord.) (2008). *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*. Peter Lang.
- Öztürk Kasar, S. (2007). La traduction des stéréotypes idiomatiques du turc en français. En J. Luque Durán e A. Pamies Bertrán (Coords.), *Interculturalidad y lenguaje: El significado como corolario cultural* (pp. 121–128). Granada Lingüística.
- Pamies, A. (2002). Modelos icónicos y archimetáforas: algunos problemas metalingüísticos en el ámbito de la fraseología. *Language Design*, 4, 9–20. [http://elies.rediris.es/Language\\_Design/LD4/pamies.pdf](http://elies.rediris.es/Language_Design/LD4/pamies.pdf)
- Pamies, A. (2007). El lenguaje de la lechuga: Apuntes para un diccionario intercultural. En J. Luque Durán e A. Pamies Bertrán (Coords.), *Interculturalidad y lenguaje: El significado como corolario cultural* (pp. 375–404). Granada Lingüística.
- Qin, J. (2020). *Estudio contrastivo y semántico de refranes en la lengua china y lengua española: Problemas de traducción y de equivalencia*. [Tese doutoral non publicada, Universitat d'Alicant.] <http://hdl.handle.net/10045/103787>
- Real Academia Española. (s.f.). En *Diccionario de la lengua española*. Fénix. Recuperado no 13 de maio de 2023, de <https://dle.rae.es/f%C3%A9nix>
- Seco, M. (2017). *Diccionario fraseológico documentado del español actual: Locuciones y modismo españoles*. RAE.
- Sevilla Muñoz, J. e Zurdo Ruiz-Ayúcar, M. I. T. (Dir.) (2009). *Refranero multilingüe*. Instituto Cervantes (Centro Virtual Cervantes). <http://cvc.cervantes.es/lengua/refranero>
- Tablero, F. J. (2007). Representación acústica y mediación cultural en la onomatopeya japonesa. En J. Luque Durán e A. Pamies Bertrán (Coords.), *Interculturalidad y lenguaje: El significado como corolario cultural* (pp. 319–328). Granada Lingüística.
- Wu, F. (2014). *La fraseología en chino y en español: Caracterización y clasificación de las unidades fraseológicas y simbología de los zoónimos. Un estudio contrastivo* [Tese de Doutoramento non publicada, Universidad Autónoma de Madrid]. <http://hdl.handle.net/10486/663035>